



TODD WILLIAMSON

MESTRE DE CONTRABAIXO

Historial Académico

Realizou o seu Bachelor of Music en University of North Texas (EEUU) e ao finalizalo, cursa o seu Master of Music en New England Conservatory of Music (Boston - EEUU) estudando con Donald Palma.

Posteriormente, cursou dous anos de Doctor of Musical Arts en University of North Texas (EEUU) estudando con Jeff Bradetich onde foi o seu asistente e encargouse de dar as clases de repertorio orquestral.

Experiencia

En 1997 superou a proba para entrar na Malaysian Philharmonic Orchestra como subprincipal e dúas semanas despois tamén superou a proba para entrar na Hong Kong Philharmonic Orchestra da que foi membro desde 1997 ata o 2002.

Tamén en Hong Kong daba clases de repertorio orquestral na Hong Kong Academy for Performing Arts. O Sr. Williamson sentiu curiosidade desde moí novo pola música e empezou a tocar o contrabaixo con 9 anos formado parte de varias orquestras mozas. Con 16 anos tivo moi claro que quería dedicarse á música e con 20 anos empezou a súa carreira profesional coa Dallas Opera Orchestra. Nos Estados Unidos tamén colaborou con outras orquestras como Fort Worth Symphony, Boston Philharmonic, Portland Symphony ou a New World Symphony.

Ao longo da súa carreira actuou como contrabaixo principal para a Sinfónica de Galicia, a Orquesta Gulbenkian en Lisboa (Portugal) e a Orquesta Sinfónica de Kyushu en Fukuoka (Xapón). Ademais, participou como contrabaixo principal cos festivais de Spoleto e National Repertory Orchestra (EEUU); Pacific Music Festival en Sapporo (Xapón) e o Toho Gakuen en Tokio (Xapón).

Dou clases maxistras en EEUU, Hong Kong, e Tailandia, colaborando con frecuencia como mestre da *Orquesta Joven* e a *Orquesta de Niños de la Sinfónica de Galicia*. En Hong Kong, fundou un quinteto de cordas que achegaba a música clásica aos colexios e hospitais para aqueles que doutro modo non poderían desfrutala.

Actualmente é co-fundador de Arcos Iris; un grupo dinámico de corda de seis músicos, que da concertos didácticos aos nenos dunha maneira divertida e participativa. Ata a data de hoxe, o grupo foi visto por milleiros de nenos na área galega, ensinándolles o que se pode facer cos instrumentos e demostrándolles que a música pode ser divertida.

Todd Williamson

Realizou o seu Bachelor of Music en University of North Texas (EEUU) e ao finalizalo, estudou o Master of Music en New England Conservatory of Music (Boston, EEUU).

Posteriormente, cursou dous anos de Doctor of Musical Arts en University of North Texas (EEUU).

Estivo na Malaysian Philharmonic Orchestra como sub-principal e na Hong Kong Philharmonic Orchestra.

É cofundador de Arco Iris, un sexteto de corda.